


# ELIXE E ORGANÍZATE COA CGT



Manolito. Resto amigo... 2014



**CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO**

[www.cgtgalicia.org](http://www.cgtgalicia.org)  
[www.rojoynegro.info](http://www.rojoynegro.info)

# ELIXE CGT - ORGANÍZATE NA CGT - PARTICIPA NA CGT

**Todos os sindicatos no somos iguais**, ti sábelo ben, directamente pola túa experiencia laboral, se é que na túa empresa existe xa unha sección sindical da **CGT**, ou de forma indirecta pola información que te terá podido chegar sobre a actuación e o comportamento que teñen as persoas que forman parte da nosa organización.

A **CGT** é a voz da clase traballadora, sen intermediación de ninguén, e é garantía tamén dun **comportamento ético, autónomo, participativo e transparente** dos nosos voceiros (coa **CGT** non elixes delegados nin delegadas senón voceiros).

A **clase traballadora está farta de ser ninguneada**, ignorada, manipulada, enganada, estafada, roubada, desprestixiada, criticada... **está farta de sufrir retrocesos nos seus dereitos** laborais e sociais, nas súas liberdades, **farta de non poder participar** nas cuestións que lle afectan colectivamente. Está **farta da precariedade, do paro, da exclusión, da miseria**....que lle provocan os sindicatos maioritarios que din ser os seus representantes, **unhas veces por acción** (pactando acordos que eliminan os seus dereitos) e **outras por omisión** (non facendo nada ante as agresións cotiás do empresariado e os poderes públicos).

A **CGT** representa unha gran **ferramenta de loita** nas nosas mans, para **defender os nosos dereitos**, para **esixir melloras laborais directas**, para **dotar de contido a Negociación Colectiva**, para **mobilizarnos en defensa dos nosos empregos e dunhas condicións de traballo dignas**, en defensa **duns servizos públicos universais, accesibles e de calidade**, para **opoñernos con forza aos desafiuzamentos, aos ERE, ás deslocalizacións** de empresas, **aos recortes** en salarios, prestacións sociais, pensións, para **rematar coa corrupción** sindical, política, financeira, etc...

A **CGT non se debe a ningún partido político**, nin a ningunha institución pública ou privada, nin a grupos de presión de calquera índole, nin a cúpulas sindicais executivas ou profesionais que pretenden pensar e decidir por nós e **que se autoxestiona co esforzo e compromiso da súa afiliación e militancia**.

A **CGT** débese ás asembleas da súa afiliación e dos traballadores que representa, débese ao seu **modelo sindical de participación, apoio mutuo e acción directa**, onde os protagonistas somos todas e todos.

A **CGT** pretende desenvolver un modelo produtivo baseado na **sostibilidade, no respecto a natureza, na economía social, na eliminación de industrias contaminantes, nas enerxías renovables, na responsabilidade no consumo**, na economía próxima e ao servizo da satisfacción das necesidades humanas en lugar dos voraces intereses dos mercados. Ten **como obxectivo a autoxestión** dos procesos produtivos e da organización social, dende esquemas de funcionamento **assemblearios, non autoritarios nin xerárquicos**.

Compañeira, compañeiro: se realmente desexas superar e desbordar o nefasto sindicalismo do réxime ou o sindicalismo amarelo e corporativo que tanto dano nos fai, **vota pola CGT, elíxenos, organízate connosco, participa nas nosas candidaturas, ven loitar coa xente da CGT**. Non te defraudaremos e sentirás que volves ser protagonista da túa propia vida.

## QUE NINGUÉN DECIDA POR TI